



Resolución do 6 de xuño de 2018 da Dirección Xeral de Ordenación Forestal, pola que se abre un novo prazo de matrícula para a realización dos módulos transversais do curso de Incorporación á Empresa Agraria na modalidade de teleformación.

Coa posta en marcha da plataforma de teleformación da Consellería do Medio Rural, dentro da oferta formativa deste ano 2018 vanse realizar na modalidade de teleformación módulos do curso de Incorporación á Empresa Agraria.

Aos efectos de planificar a oferta formativa de teleformación, faise preciso abrir un novo prazo de matrícula para todas aquelas persoas interesadas en participar na dita formación. Dito prazo vai dende o 11 de xuño ata o 13 de xullo inclusive.

Rematado o dito prazo de solicitudes, procederase á aprobación do listado provisional de alumnos admitidos para a realización dos ditos módulos.

As persoas aspirantes que non figuren no listado provisional de admitidos, disporán dun prazo de dez días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación da correspondente resolución na páxina web da Consellería do Medio Rural, para reclamar ou enmendar a súa exclusión.

Para a admisión ao curso, serán de aplicación os seguintes criterios de prioridade:

- 1º.- Mozos e mozas coa axuda aprobada de incorporación á actividade agraria.
- 2º.- Mozos e mozas con incorporación obrigatoria por cambio de titularidade derivada de falecemento ou xubilación.
- 3º.- Mozos e mozas en previsión de incorporación á actividade agraria.
- 4º.- Outros colectivos

Santiago de Compostela,
O director xeral de Ordenación Forestal
Asinado dixitalmente

Tomás Fernández-Couto Juanas

